

BASES DO CONCURSO DE TATUAXES “TATUALINGUA” IES EBA

Co gallo do Día das Letras Galegas 2022 o EDLG do IES Eduardo Blanco Amor convoca o concurso de tatuaxes “Tatualingua”.

Pode participar todo o alumnado do IES EBA.

O concurso consiste en facer unha tatuaxe na pel cun lema, refrán ou cita literaria en galego e/ou un símbolo galego. Para facela podes empregar bolígrafos, rotuladores, pinturas... Pode facerse nun mesmo ou noutra persoa.

Sacaráselle unha foto á tatuaxe e mandarase a engalego@iesblancoamor.com indicando nome, apelidos e curso da persoa ou persoas participantes (en caso de facelo na pel doutra persoa e querer compartir o premio con ela).

O prazo de presentación das tatuaxes será ata o 30 de maio.

Valorarase a orixinalidade e corrección lingüística.

Haberá 3 categorías:

-1º e 2º ESO

-3º e 4º ESO

-1º e 2º de Bacharelato

O premio será un dispositivo electrónico para elixir por un valor de 30€.

O xurado estará composto por membros do EDLG.

Os nomes das persoas gañadoras faranse públicos por megafonía no instituto.

Se o xurado o considera oportuno, os premios poderán quedar desertos. Se nunha categoría non hai participantes, pasarase o premio a outra categoría.